

Galicia

[Ao pobo palestino]

Manuel María

Deixáronte sen terra. Roubáronte,
escarneceronte, masacráronte.
Puxeron ao ar as túas raíces.
O sol, o vento, a choiva
e o luar

fortalecéronas,
vi-vi-fi-cá-ro-nas
e a luz deulles
un nimbo de clara eternidade.

Agora vives nunha nube feita
de desolación e de tristura
na que florecen os seus soños
semellantes a balas ou paxaros.

Dende esta miña patria
agredida, domesticada
e humillada
dígoche, ihou indestrutible pobo
palestino!

...que recobrarás,
PRA SEMPRE E FATALMENTE, a terra túa
e será
como regresar, de novo, ao paraíso.